

ANUNCIO

O Alcalde, o día 21/01/2026, ditou a resolución con número 41/2026 que deseguido se transcribe :

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: CHAMAMENTO A TRAVÉS DA BOLSA DE EMPREGO DE PERSOAL LABORAL PROFESOR/A DE CANTO E MAXISTERIO MUSICAL PARA SUBSTITUCIÓN DA TITULAR DA PRAZA EN SITUACIÓN DE BAIXA POR IT.

EXPEDIENTE:2026/E001/000001

ANTECEDENTES:

Logo de ver o ficheiro FIE no que consta que dende o día 18/12/2025 a profesora de canto e maxisterio musical do Conservatorio de Melide Alba María López Trillo con DNI ***1126**, se atopa en situación de baixa por incapacidade temporal.

Logo de ver a Proposta da concelleira responsable da área de persoal, Carmen Liñeira Sánchez de data 13/01/2026, como responsable da área de persoal, para proceder á substitución da traballadora: *“Concorrendo unha necesidade urxente e inaprazable, cal é a necesidade de continuar coa prestación do servizo desta especialidade musical no conservatorio municipal.”*

Logo de ver as Bases xerais e específicas da convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración polos sistemas de concurso e de concurso oposición establecidos na disposición adicional sexta e no artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público en execución da oferta de emprego público para a estabilización de emprego temporal publicadas, publicadas na sede electrónica do Concello de Melide en data 23/12/2022 e no BOP núm. 246 de A Coruña o 29/12/2022.

Logo de ver o resultado final do proceso de selección que consta na *“ACTA DE VALORACIÓN DE MÉRITOS DO TRIBUNAL DE 1 PRAZA DE PROFESOR DE CANTO E MAXISTERIO MUSICAL DA CONVOCATORIA EXCEPCIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN POLO SISTEMA DE CONCURSO PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO EN EXECUCIÓN DA OEP PARA A ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL APROBADA POLA XGL EN DATA 26/05/2022”* do 19/12/2023, publicada o 26/12/2023 na sede electrónica do Concello de Melide:

“(…)

O Tribunal á vista das bases da convocatoria publicadas no BOP núm. 246 de data 29/12/2022 formula a seguinte puntuación dos candidatos/as por orde decrecente da puntuación obtida:

NOME	EXPERIENCIA PROFESIONAL	MÉRITOS ACADÉMICOS	TOTAL
ALBA MARÍA LÓPEZ TRILLO	30,08	9	39,08
NOA OUTOMURO GONZÁLEZ	6,7	9,20	15,90

*Proponse para a provisión de 1 PRAZA DE PROFESOR DE CANTO E MAXISTERIO MUSICAL da convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración polo sistema de concurso para a redución da temporalidade no emprego público a ALBA MARÍA LÓPEZ TRILLO con DNI ***1126**.*

*Quedando na bolsa de emprego segundo a orde de puntuación Noa Outomuro González con DNI nº ***7143**.”*

Logo de ver o “DECRETO DE AUTORIZACIÓN Á CONTRATACIÓN DOS/AS ASPIRANTES ÁS PRAZAS DE PROFESORES/AS E AXUDANTE DE PROFESOR/A DO CONSERVATORIO DE MÚSICA, CONVOCATORIA DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN” de data 07/10/2024 no que se autoriza a contratación de ALBA MARÍA LÓPEZ TRILLO con DNI ***1126** como profesora de canto e maxisterio musical: 30 horas á semana.

Logo de ver o contrato asinado por Alba María López Trillo co Concello de Melide en data 23/10/2024.

Logo de ver a resolución 639/2025 con asunto “MODIFICACIÓN CONTRATOS PROFESORADO CONSERVATORIO CURSO 2025/26 na que se resolve:

“PRIMEIRO: modificar en función das necesidades os contratos do profesorado, de acordo co informe do director do conservatorio de data 26/09/2025, sen prexuízo das correspondentes declaracións e solicitudes de compatibilidade, con efectos do 1/10/2025, do xeito seguinte:

(...)

5) CANTO E MAXISTERIO MUSICAL. Alba María López Trillo: 30 h semanais: luns e martes de 15:30 a 21:30 e mércores e venres de 11:30 a 14:30 e de 15:30 a 21:30.”

Logo de ver a Resolución nº 27/2026 de data 15/01/2026 de asunto “PROVIDENCIA SOLICITUDE CERTIFICADO DE EXISTENCIA DE CRÉDITO E INFORME CHAMAMENTO A TRAVÉS DA BOLSA DE EMPREGO DA PRAZA DE PROFESOR/A DE CANTO E MAXISTERIO MUSICAL DA CONVOCATORIA DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN.

Logo de ver o certificado de existencia de crédito emitido pola interventora municipal con referencia: 22M/2026 de data 15/01/2026: “*Que existe crédito axeitado e suficiente no orzamento do exercicio 2026, que é o prorrogado do exercicio 2025, para facer fronte ao gasto derivado do CHAMAMENTO A TRAVÉS DA BOLSA DE EMPREGO DA PRAZA DE PROFESOR/A DE CANTO E MAXISTERIO MUSICAL DA CONVOCATORIA DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN na bolsa de vinculación xurídica (3-1) con cargo ás aplicacións orzamentarias 334/131.00 e 334/160.00.*”

Logo de ver o informe da Técnica de Administración Xeral de data 19/01/2026 e asunto “CHAMAMENTO A TRAVÉS DA BOLSA DE EMPREGO DA PRAZA DE

*PROFESORA/A DE CANTO E MAXISTERIO MUSICAL DA CONVOCATORIA DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN. ”, no que se conclúe “INFÓRMASE FAVORABLEMENTE ao chamamento, a través da bolsa de emprego, de Noa Outomuro González con DNI nº ***7143” para a substitución transitoria de Alba María López Trillo con DNI ***1126**, titular da praza de persoal laboral, profesora de canto e maxisterio musical. ”*

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Proceder ao chamamento a través da bolsa de emprego de **NOA OUTOMURO GONZÁLEZ** con DNI ***7143** para que no prazo máximo improrrogable de 2 días hábiles dende a notificación do presente acordo manifeste o seu interese en ocupar o posto de profesora de canto e maxisterio musical do Conservatorio en substitución transitoria da súa titular, en situación de baixa por incapacidade temporal, Alba María López Trillo.

SEGUNDO.- No caso de manifestar a seleccionada o seu interese no prazo dos 2 días hábiles dende a notificación, deberá así mesmo presentar no rexistro de entrada do Concello de Melide, os seguintes documentos en orixinal ou copia autenticada:

* Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos de NACIONALIDADE (DNI ou equivalente) e TITULACIÓN; da documentación acreditativa de ter superados os estudos conducentes a obtención do certificado CELGA 4, así como da documentación acreditativa dos MÉRITOS alegados e valorados.

* Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posto de traballo.

* Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo das Administracións Públicas, nin se atopar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas (ANEXO IV).

* Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.

* Certificado de Delitos de Naturaleza Sexual.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á interesada.

CUARTO.- Publicar o presente acordo no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello.

Ordeno e asino en Melide, mércores 21 de xaneiro de 2026. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas. Do que a secretaria da fe. Asdo: A secretaria / María Cruz Andrade García.”

O que se publica para xeral coñecemento.

Melide, mércores 21 de xaneiro de 2026.

Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas